



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC02	Integración social	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0344	Metodoloxía da intervención social	2025/2026	0	133	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANTÍA BAAMONDE VILLARES,MARÍA ISABEL SUÁREZ FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Determina métodos, técnicas e instrumentos para a análise da realidade social, e interpreta as súas características e o ámbito de aplicación
RA2 - Determina os elementos que constitúen un proxecto de intervención social en relación cos modelos de planificación
RA3 - Determina estratexias de promoción e difusión de proxectos de intervención social, tendo en conta a relación entre os recursos dispoñibles e os obxectivos perseguidos
RA4 - Incorpora a toma en consideración das diferenzas sexuais na elaboración dos proxectos de intervención social, tendo en conta a relación entre o marco teórico e legal vixente, e as estratexias e os criterios utilizados
RA5 - Define procedementos de avaliación de proxectos de intervención social, para o que analiza os modelos teóricos, tendo en conta a consideración das diferenzas sexuais

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícanse os métodos, as técnicas e os instrumentos principais de obtención de información
CA1.2 Concretáronse os requisitos de aplicación dos instrumentos e dos recursos
CA1.3 Identifícanse as aplicacións, as posibilidades e as limitacións das técnicas e dos instrumentos
CA1.7 Xustificouse o papel da análise da realidade no éxito da intervención
CA1.8 Valoráronse os aspectos éticos da recollida e tratamento da información
CA2.1 Comparáronse modelos teóricos de intervención social
CA2.2 Identifícanse os niveis de planificación na intervención social



Criterios de avaliación do currículo
CA2.3 Comparáronse modelos de planificación
CA2.5 Xustificouse a necesidade de fundamentar adecuadamente os proxectos de intervención social
CA2.7 Comparáronse métodos, técnicas e instrumentos aplicables na intervención social
CA3.1 Explicáronse os conceptos e os procesos básicos relativos á publicidade e aos medios de comunicación
CA3.2 Argumentouse a importancia dos medios de comunicación na promoción e na difusión dos proxectos sociais
CA3.4 Descríbóronse os medios, as estratexias e as técnicas principais para a promoción e a difusión dos proxectos sociais
CA3.7 Argumentouse a necesidade de promover e difundir os proxectos sociais
CA3.8 Xustificouse a necesidade de garantir a veracidade informativa nos procesos de promoción e difusión dos proxectos sociais
CA4.1 Argumentouse a importancia da análise da realidade tendo en conta a consideración das diferenzas sexuais
CA4.2 Argumentouse a necesidade de incorporar a consideración das diferenzas sexuais na elaboración dos proxectos de intervención social
CA4.3 Interpretouse o marco legislativo que promove a igualdade de oportunidades
CA4.4 Analizouse a información e os recursos das institucións e dos organismos de igualdade que existan no ámbito da intervención
CA4.6 Analizáronse os protocolos internacionais sobre o uso da linguaxe non sexista
CA4.8 Identificáronse as estratexias para incorporar a consideración das diferenzas sexuais nos instrumentos de promoción e difusión
CA4.9 Identificáronse as principais manifestacións de violencia de xénero como un reflexo da desigualdade entre homes e mulleres
CA5.1 Descríbóronse modelos, técnicas e instrumentos de avaliación na intervención social
CA5.2 Explicáronse as funcións e os principios xerais da avaliación
CA5.3 Descríbóronse as fases da avaliación



Criterios de avaliación do currículo
CA5.5 Establecéronse os procedementos xerais para a xestión da calidade nos proxectos deseñados
CA5.7 Argumentouse a necesidade da avaliación para mellorar o funcionamento dos programas e garantir a súa calidade

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Determina métodos, técnicas e instrumentos para a análise da realidade social, e interpreta as súas características e o ámbito de aplicación
RA2 - Determina os elementos que constitúen un proxecto de intervención social en relación cos modelos de planificación
RA3 - Determina estratexias de promoción e difusión de proxectos de intervención social, tendo en conta a relación entre os recursos dispoñibles e os obxectivos perseguidos
RA4 - Incorpora a toma en consideración das diferenzas sexuais na elaboración dos proxectos de intervención social, tendo en conta a relación entre o marco teórico e legal vixente, e as estratexias e os criterios utilizados
RA5 - Define procedementos de avaliación de proxectos de intervención social, para o que analiza os modelos teóricos, tendo en conta a consideración das diferenzas sexuais

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.4 Elaboráronse instrumentos coherentes coa súa finalidade
CA1.5 Empregáronse as tecnoloxías da comunicación na elaboración de instrumentos para a obtención de información
CA1.6 Seleccionáronse as técnicas de análise adecuadas á situación
CA2.4 Describíronse as fases do proceso de planificación



Criterios de avaliación do currículo
CA2.6 Identificáronse os elementos fundamentais da planificación
CA3.3 Identificáronse os elementos fundamentais dunha campaña de promoción e difusión
CA3.5 Utilizáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para a elaboración de materiais de promoción e difusión
CA3.6 Deseñáronse campañas de promoción e difusión de proxectos sociais utilizando recursos de diversa índole
CA4.5 Identificáronse os criterios para incorporar a consideración das diferenzas sexuais nos proxectos
CA4.7 Asegurouse o uso non sexista da linguaxe na planificación dos proxectos de intervención social
CA5.4 Concretáronse as técnicas, os indicadores, os criterios e os instrumentos de avaliación de proxectos de intervención social
CA5.6 Determináronse estratexias e instrumentos para verificar a incorporación da consideración das diferenzas sexuais en proxectos de intervención social
CA5.8 Empregáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para a elaboración e a presentación de informes de avaliación e memorias

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles para superar a proba son os que se recollen no apartado 2 da programación didáctica do módulo:

- CA1.1 - Identificáronse os métodos, as técnicas e os instrumentos principais de obtención de información
- CA1.2 - Concretáronse os requisitos de aplicación dos instrumentos e dos recursos
- CA1.3 - Identificáronse as aplicacións, as posibilidades e as limitacións das técnicas e dos instrumentos
- CA1.4 - Elaboráronse instrumentos coherentes coa súa finalidade
- CA1.5 - Empregáronse as tecnoloxías da comunicación na elaboración de instrumentos para a obtención de información
- CA1.6 - Seleccionáronse as técnicas de análise adecuadas á situación
- CA1.7 - Xustificouse o papel da análise da realidade no éxito da intervención
- CA1.8 - Valoráronse os aspectos éticos da recollida e tratamento da información



CA2.1 - Comparáronse modelos teóricos de intervención social

CA2.2 - Identificáronse os niveis de planificación na intervención social

CA2.3 - Comparáronse modelos de planificación

CA2.4 - Describíronse as fases do proceso de planificación

CA2.5 - Xustificouse a necesidade de fundamentar adecuadamente os proxectos de intervención social

CA2.6 - Identificáronse os elementos fundamentais da planificación

CA2.7 - Comparáronse métodos, técnicas e instrumentos aplicables na intervención social

CA3.1 - Explicáronse os conceptos e os procesos básicos relativos á publicidade e aos medios de comunicación

CA3.2 - Argumentouse a importancia dos medios de comunicación na promoción e na difusión dos proxectos sociais

CA3.3 - Identificáronse os elementos fundamentais dunha campaña de promoción e difusión

CA3.4 - Describíronse os medios, as estratexias e as técnicas principais para a promoción e a difusión dos proxectos sociais

CA3.5 - Utilizáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para a elaboración de materiais de promoción e difusión

CA3.6 - Deseñáronse campañas de promoción e difusión de proxectos sociais utilizando recursos de diversa índole

CA3.7 Argumentouse a necesidade de promover e difundir os proxectos sociais

CA3.8 - Xustificouse a necesidade de garantir a veracidade informativa nos procesos de promoción e difusión dos proxectos sociais

CA4.1 - Argumentouse a importancia da análise da realidade tendo en conta a consideración das diferenzas sexuais

CA4.2 - Argumentouse a necesidade de incorporar a consideración das diferenzas sexuais na elaboración dos proxectos de intervención social

CA4.3 - Interpretouse o marco lexislativo que promove a igualdade de oportunidades

CA4.4 - Analizouse a información e os recursos das institucións e dos organismos de igualdade que existan no ámbito da intervención

CA4.5 - Identificáronse os criterios para incorporar a consideración das diferenzas sexuais nos proxectos

CA4.6 - Analizáronse os protocolos internacionais sobre o uso da linguaxe non sexista

CA4.7 - Asegurouse o uso non sexista da linguaxe na planificación dos proxectos de intervención social

CA4.8 - Identificáronse as estratexias para incorporar a consideración das diferenzas sexuais nos instrumentos de promoción e difusión

CA4.9 - Identificáronse as principais manifestacións de violencia de xénero como un reflexo da desigualdade entre homes e mulleres

CA5.1 - Describíronse modelos, técnicas e instrumentos de avaliación na intervención social

CA5.2 - Explicáronse as funcións e os principios xerais da avaliación

CA5.3 - Describíronse as fases da avaliación

CA5.4.- Concretáronse as técnicas, os indicadores, os criterios e os instrumentos de avaliación de proxectos de intervención social



CA5.5 - Establecéronse os procedementos xerais para a xestión da calidade nos proxectos deseñados

CA5.6 - Determináronse estratexias e instrumentos para verificar a incorporación da consideración das diferenzas sexuais en proxectos de intervención social

CA5.7 - Argumentouse a necesidade da avaliación para mellorar o funcionamento dos programas e garantir a súa calidade

CA5.8 - Empregáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para a elaboración e a presentación de informes de avaliación e memorias

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe de cada módulo profesional levarase a cabo a través da realización das dúas partes da proba segundo se indica no artigo 13 da Orde do 5 de abril de 2013, pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación:

Primeira parte: proba teórica: Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación. Esta parte, cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Segunda parte: proba práctica: As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Cualificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada numéricamente, entre 1 e 10, sen decimais. Realizarase o redondeo á cifra superior cando o decimal sexa igual ou superior a 6.

As membras da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesorado do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.



4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A proba divídese en dúas partes:

a) Primeira parte. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que poderá ser de diferente tipo (desenvolvemento, pregunta corta, tipo test con desconto de respostas erróneas, etc.), e versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Esta será cualificada de 0 a 10 puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha nota igual ou superior a cinco puntos para pasar á seguinte proba. A duración máxima será de 120 minutos.

Durante a realización da proba, non se admitirá o uso de ningún aparello electrónico ou de comunicación co exterior, salvo expresa indicación do profesorado responsable. Isto inclúe teléfonos móbiles (que non poderán ser empregados como reloxo), tabletas dixitais, ou calquera outro dispositivo.

Unha vez iniciada a proba as persoas candidatas agardarán un mínimo de 30 minutos antes de poder abandonar a aula na que se estean a realizala.

Non se poderá retirar da aula ningunha copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización do mesmo.

A comisión de avaliación poderá excluír a calquera aspirante que leve a cabo accións de tipo fraudulento ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas. Neste caso a cualificación será dun 0.

Para a superación da primeira parte da proba as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Non superar esta parte, implicará obter un 0 na segunda tal e como establece a lexislación vixente.

As persoas candidatas deberán acudir á proba provistas dun bolígrafo azul ou negro de tinta indeleble e cun documento identificativo oficial. Non se permite empregar lápis nin tintas correctoras.

Queda totalmente prohibida a utilización de teléfonos móbiles e/ou calquera outro dispositivo electrónico (reloxs, tablets...) conectable a internet. Durante a proba deberán permanecer apagados.

Non está permitido o acceso ao exame unha vez dea comezo a proba en base ao horario establecido, salvo causa xustificada documentalmente que será valorada pola comisión de avaliación.

Non se poderá abandonar a aula durante os 30 primeiros minutos de exame, comezados a contar dende o momento no que se fai entrega da proba.

Non se poderá retirar da aula ningunha copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización do mesmo.

A comisión de avaliación poderá excluír a calquera aspirante que leve a cabo accións de tipo fraudulento ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas. Neste caso a cualificación será dun 0

4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento dun ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra o suficientemente representativa dos criterios mínimos de avaliación establecidos na programación para esta parte. Terá unha duración máxima de 120 minutos. Esta segunda parte da proba será cualificada de 0 a 10 puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta parte.



A puntuación máxima desta segunda parte, será un 10 e a mínima para aprobar un 5.

A cualificación final correspondente da proba do módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima a partir do 6 como decimal. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

As persoas candidatas deberán acudir á proba provistas dun bolígrafo azul ou negro de tinta indeleble e cun documento identificativo oficial. Non se permite empregar lápis nin tintas correctoras.

Queda totalmente prohibida a utilización de teléfonos móbiles e/ou calquera outro dispositivo electrónico (reloxos, tablets...) conectable a internet. Durante a proba deberán permanecer apagados.

Non está permitido o acceso ao exame unha vez dea comezo a proba en base ao horario establecido, salvo causa debidamente xustificada a valorar pola comisión de avaliación.

Durante a realización da proba, non se admitirá o uso de ningún aparello electrónico ou de comunicación co exterior, salvo expresa indicación do profesorado responsable. Isto inclúe teléfonos móbiles (que non poderán ser empregados como reloxo), tabletas dixitais, ou calquera outro dispositivo.

Unha vez iniciada a proba escrita as persoas candidatas agardarán un mínimo de 30 minutos antes de poder abandonar a aula na que se estean a realizar a proba, e entregarán esta asinada á docente responsable.

Non se poderá retirar da aula ningunha copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización do mesmo.

A comisión de avaliación poderá excluír a calquera aspirante que leve a cabo accións de tipo fraudulento ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas. Neste caso a cualificación será dun 0.